



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 8

**Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da
viabilidade dos bosques**

Submedida 8.5

**Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o
valor ambiental dos ecosistemas forestais**

Índice



1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques	3
1.1. Submedida 8.5 Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais.....	3
1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?	4
1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?	4
1.1.3. Como se outorga a axuda?	4
1.1.4. Que tipo de gastos se financian?	5
1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	6
1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?.....	6
1.1.7. A canto ascende esta axuda?	7
1.1.8. Quen xestiona esta axuda?.....	7
1.1.9. Marco normativo	7
1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados.....	8



1. Medida 8. Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques

Aínda que os incendios son unha das maiores ameazas dos bosques galegos, para o que hai que traballar intensamente na súa prevención, existen outros factores que tamén afectan as masas forestais como son as pragas, enfermidades e o incremento de fenómenos meteorolóxicos daniños. Incidir nestes factores, así como no fomento das empresas asociadas ao medio forestal, é o obxectivo desta medida do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Destaca ademais, a contribución da conservación das masas forestais á mitigación e adaptación ao cambio climático, loita contra a desertización e a conservación da biodiversidade.

Para lograr este obxectivo, articúlanse seis submedidas:

- ✓ Submedida 8.1 Axuda para a reforestación/creación de superficies forestais
- ✓ Submedida 8.2 Axuda para o establecemento e mantemento de sistemas agroforestais
- ✓ Submedida 8.3 Axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.4 Axuda para a reparación dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes
- ✓ Submedida 8.5 Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais
- ✓ Submedida 8.6 Axuda para os investimentos en tecnoloxías forestais e na transformación, mobilización e comercialización de produtos forestais

1.1. Submedida 8.5 Axuda para investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor ambiental dos ecosistemas forestais

A axuda en virtude desta submedida consistirá en investimentos que se destinarán ao cumprimento de compromisos de xestión forestal con obxectivos ambientais, á provisión de servizos dos ecosistemas forestais, a accións que potencien o carácter de utilidade pública dos bosques e outras superficies forestais, así como tamén a capacidade de mitigación fronte ao cambio climático dos ecosistemas, sen excluír os beneficios económicos a longo prazo.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Especialmente considéranse os seguintes investimentos:

- ✓ Restauración e melloras de masas de frondosas caducifolias (soutos, bidueirais e bosques mixtos de carballos, entre outras), mediante tratamentos silvícolas.
- ✓ Os tratamentos de axuda aos rexenerados naturais
- ✓ Enriquecemento de plantacións de coníferas con especies ecoloxicamente valiosas que incrementen a súa biodiversidade ou resiliencia.
- ✓ Os que teñan por obxectivo a mellora do carácter de utilidade pública ou ambiental dos bosques: carreiros, áreas recreativas, deslinde e amolloamento de montes públicos, montes veciñais en man común e montes de varas e revisión de esbozos en montes veciñais en man común.

Esta medida non ten como finalidade a plantación de novos bosques nin a creación de novas zonas forestais.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios de esta axuda:

- ✓ A Administración Autonómica para aquelas operacións realizadas baixo a súa iniciativa
- ✓ Os titulares forestais privados e as súas agrupacións formalmente constituídas (entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores)
- ✓ Os constituíntes de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo (tamén chamadas montes de socios)
- ✓ As sociedades de fomento forestal (SOFOR) definidas no Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro
- ✓ As mancomunidades e comunidades de montes veciñais en man común
- ✓ Os concellos e as entidades locais menores titulares de montes

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda poderá articularse:

- ✓ En forma de investimento directo para aquelas actuacións realizadas pola Administración Pública, ben por ela mesma ou por medio dos seus entes instrumentais
- ✓ Como subvención ao investimento realizado polos silvicultores seleccionados a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva



1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Segundo o tipo de investimento consideraranse como subvencionables uns gastos determinados:

- ✓ Nas actuacións puntuais para a modificación da estrutura e composición dos bosques:
 - Tratamentos silvícolas (claras, clareos, podas, tallas de formación, rozas,...) e plantacións puntuais de árbores desexadas, directamente vinculados ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques. Especialmente aqueles dedicados ao mantemento, mellora e consolidación de masas consolidadas de frondosas autóctonas, de acordo co artigo 93 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia ou outras que aumenten a resiliencia dos ecosistemas forestais.
 - Restauración, conversión de montes baixos e consolidación de masas consolidadas de frondosas autóctonas.
 - Preparación do Proxecto e proxectos de ordenación ou instrumentos equivalentes en masas de frondosas caducifolias autóctonas ou outras que contribúan a consolidar o seu valor ambiental.
- ✓ As plantacións puntuais poderán incluír:
 - Plantación de especies frondosas caducifolias co fin de mellorar a calidade da auga ou a biodiversidade.
 - Introducción de especies ou variedades resistentes á seca, resistente á calor, ou especies tolerantes á sombra baixo as especies principais.
 - Traballos de replantación (reposición de marras) ata 5 anos a fin de evitar a perda do investimento inicial.
 - Consolidación de rexenerado de masas de frondosas caducifolias.
 - Con carácter xeral só se empregarán especies nativas, aínda que non se exclúe o emprego de híbridos resistentes de castiñeiro nas zonas de risco de ataque de tinta. Calquera actuación que afecte á rede de espazos protexidos ou a valores do patrimonio cultural catalogados debe ser informada polos departamentos respectivos. En ningún caso utilizaranse especies do xénero Eucalyptus.
- ✓ Nos investimentos en equipamentos e mellora do carácter público, ambiental e de protección dous ecosistemas forestais:
 - A creación de carreiros, áreas recreativas a pequena escala, medidas de sinalización, refuxios e miradoiros
 - A mellora do carácter de utilidade pública ou ambiental dos bosques: carreiros, áreas recreativas; deslinde e amolloamento de montes públicos, montes veciñais en man común e montes de varas; e revisión de esbozos en montes veciñais en man común.

- Redacción instrumentos de ordenación ou xestión
- Preparación dos proxectos

Con carácter xeral as actuacións puntuais para a modificación da estrutura e composición dos bosques só poderán realizarse unha ou dúas veces no período de vixencia do programa (sete anos) ou do plan de xestión forestal (normalmente, dez anos). Poderán ser obxecto de axuda os estudos ou investigacións que estean ligados a investimentos a realizar baixo o apoio desta submedida.

Non será subvencionable a simple rexeneración de bosques, salvo que implique a súa reestruturación en aras ao incremento do seu valor medio ambiental. Tamén poderán ser elixibles os custos de investimento en equipamento e mellora do carácter público previsto no proxecto. Serán igualmente elixibles os gastos de planificación vinculados directamente ao investimento. Non serán elixibles, pola contra, os gastos de mantemento xeral das áreas reestruturadas

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

A axuda da presente submedida non debería conducir a un aumento significativo no valor ou a rendibilidade da explotación forestal. Con todo, a axuda non pode excluír a prestación dos beneficios económicos a longo prazo.

As masas consolidadas de frondosas autóctonas obxecto de axuda cunha superficie de 15 ha ou máis deberán solicitar a súa inclusión no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 126 da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Os custos de mantemento ou funcionamento xerais non son financiáveis a través desta submedida. As actuacións realizadas en áreas incluídas en zonas Natura 2000 precisarán de informe preceptivo da autoridade ambiental competente. Así mesmo, a inclusión nestas áreas terase en conta á hora de baremar as solicitudes de subvencións aos investimentos realizados, previa convocatoria pública en concorrência competitiva.

Nas zonas forestais onde se vaian a realizar accións de modificación da estrutura e composición dos bosques de coníferas ou de eucalipto a axuda estará supeditada a que devanditos terreos sexan declarados previamente como de medio ou alto risco de incendios.

Para recibir axudas, calquera propiedade, con independencia da súa superficie, deberá contar cun instrumento de ordenación ou xestión ou dun instrumento equivalente como condición necesaria.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse os criterios de selección de maneira obrigatoria (mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento) con anterioridade ao



comezo do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os solicitantes. No caso de investimentos os criterios serán fixados por unha comisión mixta formada por persoal da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, que terán que motivar os criterios utilizados, e poderanse utilizar criterios como:

- ✓ A certificación forestal
- ✓ As actuacións planificadas no instrumento de ordenación
- ✓ A superficie do monte
- ✓ A súa importancia estratéxica en materia de prevención
- ✓ Zonas declaradas de alto risco de incendio
- ✓ Tratamentos preventivos en materia de loita integrada
- ✓ Aumento da biodiversidade ou riqueza florística
- ✓ Mitigación do cambio climático
- ✓ Montes protectores rexistrados
- ✓ Actuacións en zonas Rede Natura 2000

No caso de axudas poderán usarse os criterios establecidos no artigo 121 da Lei 7/2012.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda será do 100% dos custos subvencionables.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Recursos Forestais da Dirección Xeral de Forestal da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Directiva 2000/29/CE do Consello do 8 de maio de 2000 relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade
- ✓ Regulamento (UE) N° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento Delegado (UE) N° 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que



completa o Regulamento (UE) N° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias

- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e lexislación de desenvolvemento
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico
- ✓ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Información sobre o sector forestal (Consellería do Medio Rural)
<http://mediorural.xunta.gal/areas/forestal/presentacion>
- ✓ Plan Forestal Español 2002-2032 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/planificacion-forestal/politica-forestal-en-espana/pfe_plan_forestal_esp.aspx
- ✓ Plan de Activación Socioeconómica do sector forestal (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.mapama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/plan-pasfor/>
- ✓ Marco de Acción Prioritaria para a Rede Natura 2000 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.mapama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/rn_cons_marco_accion_prioritaria.aspx
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.7.3.5 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020